



PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2023-2027

REVISIÓN: NOVIEMBRE 2023

Rúa Illas Cíes nº 2
15570 Narón (A Coruña)
Teléfono: 881930383
ceip.virxedomar@edu.xunta.gal

INTRODUCCIÓN	3
.1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN	4
.2.- DOCUMENTOS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA	5
.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	6
.3.1.- Para o profesorado	6
.3.2.- Para o alumnado	6
.3.3.- Para as familias	7
.3.4.- Para o centro	7
.4.- ACTUACIÓN S	8
.5.- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓN S DE ACOSO ESCOLAR.....	9
.5.1.- Prevención.....	9
.5.2.- Detección.....	10
.5.3.- Tratamento	12
.6.- CONCRECIÓN DAS MEDIDAS OU PROGRAMAS	14
.6.1.- Plan de acollida	14
.6.2.- Plan para a Igualdade	16
.6.3.- Escola de familias	18
.6.4.- Protocolo de mediación.....	19
.6.5.- Plan director	22
.6.6.- Obradoiros de convivencia escolar e prevención do acoso escolar	22
.7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	23
.8.- CORRECCIÓN S DAS CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CENTRO	25
.9.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.....	25
.9.1.- Coordinador/a de Benestar	27
.10.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DA CONTORNA.	29
.11.- DIFUSIÓN, SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	31
.12.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	33

INTRODUCCIÓN

A LOMLOE (Lei Orgánica que modifica á LOE) establece unha educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar ao alumnado a recoñecer toda forma de maltrato, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve dita lei, recollen que o plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Seguindo a “Estratexia galega de convivencia escolar 2025” os centros escolares precisan avanzar de cara á construción de centros máis seguros, accesibles, inclusivos, equitativos e saudables.

Neste eido, este plan tenta conseguir a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado, e establecer os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar a labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Polo tanto, suporá a oportunidade dunha reflexión conxunta sobre un dos principais obxectivos do sistema educativo, como é o de ensinar a convivir e ser persoa, desenvolvendo para isto competencias sociais e cívicas. Debe ser un documento realista, útil, dinámico e adaptado ás peculiaridades e necesidades do centro, de aí que para a súa elaboración participou toda a comunidade educativa.

.1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN

Para analizar a situación de convivencia no noso centro, foi preciso recadar información entre o alumnado, o profesorado e as familias. Esta información obtívose das enquisas realizadas no curso 22/23 aos distintos sectores da comunidade educativa a través dunha enquisa online que realizou a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

No curso escolar 22/23 pásase unha enquisa no mes de abril ao alumando de 5º e 6º, obtendo os seguintes datos:

Alumnado (5º e 6º):

Datos favorables:

- Cando padeceron condutas negativas, acoso, agresión ou falta de respecto, pediron axuda.
- Para a resolución de conflitos: a forma máis habitual é pedir axuda ao titor ou especialista.
- Poden dar opinións sobre calquera decisión, que se lles vai a escoitar.
- Hai unha alta percepción de que o centro está coidado e non hai estragos.

Datos preocupantes:

- Danos nas instalacións do cole: pintadas nas mesas.
- As condutas negativas estanse a dar entre o alumnado de 5º e 6º nos xogos do patio.
- Tiro do lixo ao chan.
- Interromper, molestar e non deixar dar a clase ao profesorado.
- Desobedecer e non respectar a/o profesor.
- Os conflitos resólvense cun parte de incidencias.
- Poñer alcumes ou rirse doutra persoa.

Segundo a información recollida nos cuestionarios non se detectan conflitos salientables que dificulten a convivencia entre o alumnado. Podemos destacar que a

maioría dos conflitos que se producen no noso centro, de forma illada, consisten en agresións físicas entre iguais (empurróns) e agresións verbais (insultos ou alcumes, menosprezos, falar mal dun compañeiro...)

.2.- DOCUMENTOS E PRINCIPIOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Proxecto Educativo do centro, incluírá o Plan de convivencia.

O Plan de Convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

As NOF do centro, documento no que se establecen as normas concretas de actuación para garantir o cumprimento do Plan de Convivencia, que se inclúe nas NOF, onde se recollen as respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivación do alumando.

O Plan de Acción Titorial, documento onde se concretan e desenvolven en gran medida as actuacións do Plan de Convivencia. O/a titor/a é a figura de referencia para o alumnado polo que é o primeiro/a que executa as medidas precisas que permitan resolver calquera situación contraria ás conductas as normas de convivencia; a través do diálogo, debate grupal na aula, actividades de cohesión e colaboración co grupo clase, entre outras.

O Plan de Atención á Diversidade que facilita o desenvolvemento persoal e social do alumnado e promovendo o acceso ao currículo en condicións de igualdade nunha escola inclusiva na que conviven e enriquecen alumnos e alumnas diferentes, contando cun currículo flexible, sobre todo no ámbito da metodoloxía, que proporciona a todos e a todas os espazos de participación e colaboración sen que se vexa alterada a convivencia escolar.

A Programación Xeral Anual, documento que planifica e desenvolve o curso escolar, establecendo obxectivos anuais e as pautas necesarias para a organización e o funcionamento do centro.

.3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Para crear un crear un clima de convivencia na escola seguro e acolledor é fundamental propor uns obxectivos. Estes irán encamiñados á mellora da relación interpersoal e á atención de todos e cada un dos sectores da comunidade educativa, coa intención de motivar ao profesorado, ao alumnado e ás familias.

Estes obxectivos concréntanse en:

.3.1.- Para o profesorado

- Implicar ao profesorado nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Involucrar ao profesorado na prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Dotar ao profesorado de instrumentos e recursos para a detección, a abordaxe e a resolución de problemas e conflitos de convivencia nos centros.
- Concretar as vías de actuación que permitan ao profesorado resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou risco que se detecten a raíz de situacións conflictivas que se dean na aula.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

.3.2.- Para o alumnado

- Fomentar as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo no recoñecemento, evitación, xestión e control dos problemas e conflitos de convivencia nos centros.
- Establecer un circuíto de actuación claro que lles permita informar nun ambiente de confianza das situacións presenciadas

- Desenvolver habilidades interpersoais de autoprotección e seguridade persoal.
- Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.

.3.3.- Para as familias

- Sensibilizar ás nais/pais/titores sobre a importancia de previr condutas disruptivas e/ou violentas nos seus fillos.
- Dotar ás familias de habilidades interpersoais para detectar a implicación dos seus fillos en problemas e conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación coherentes.
- Facilitar ás nais/pais/titores información sobre as implicacións psicosociais dos/as seus fillos/as durante a pubertade e a adolescencia.
- Favorecer a reflexión das familias na importancia do modelo de interacción familiar e propiciar patróns de relacións interpersoais axeitadas.
- Promover o coñecemento e a implicación das familias nas distintas fases de elaboración dun plan de convivencia no centro.

.3.4.- Para o centro

- Establecer canles e procedementos que faciliten a expresión dos problemas e discrepancias así como a resolución dos mesmos de forma non violenta.
- Mellorar o clima de convivencia no centro en beneficio dunha educación de calidade
- Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e non lesiva.

.4.- ACTUACIÓNS

É imprescindible que tanto o profesorado como os pais e as nais estean atentos e manteñan unha actitude vixilante para descubrir nas primeiras fases unha situación de maltrato ou de comportamentos de corte antisocial.

Ademais, o profesorado tenlle que concretar de definir claramente ao alumnado cales son as actitudes e tipos de relación permisibles para o desenvolvemento no centro escolar dun clima social axeitado.

As actitudes do profesorado van a ser decisivas para abordar calquera problema de agresións que se produza entre o alumnado.

A maioría das actuacións estarán encamiñadas a prevención de conductas disruptivas e a consecución dun adecuado clima no centro, a través do traballo semanal nas titorías, a partir do Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial, baseado no coñecemento e valoración das características do centro, do alumnado e das familias, terá unha planificación e execución real.

As actuacións que se levarán a cabo son as seguintes:

- Favorecer as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.
- Establecer canles de comunicación eficaces entre profesorado-alumnado.
- Avanzar na idea de que a multiculturalidade e as diferenzas individuais son valores de convivencia.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos racistas.
- Poñer en práctica a técnica de mediación como medio de resolución de conflitos en a utilización da violencia.

- Aprender estratexias para a resolución de conflitos.
- Fortalecer as relacións interpersoais.
- Apoiar e dar confianza ao alumnado máis feble.
- Desenvolver habilidades de comunicación, reflexión e de auto-control na toma de decisións.
- Propiciar un clima de boa convivencia na aula e no centro.
- Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptacións dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción do resto do alumnado.

.5.- PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

As normas de convivencia, recollidas no NOF, axudan a regular comportamentos e describen con precisión as accións que deben poñerse en práctica así como as correccións polo seu incumprimento. Estas normas conducen a unha mellora educativa, tendo presente que os dereitos dos membros da comunidade educativa deben estar salvagardados.

Estas normas difúndense entre o profesorado, o alumnado e as familias, sendo necesaria a súa revisión periódica para que sempre sexan relevantes e útiles.

.5.1.- Prevención

No punto anterior xa foron descritas as actuacións preventivas que se levan a cabo desde o centro. A actitude de alerta tanto do profesorado como das familias é fundamental para atallar nas primeiras fases as situacións de intimidación, maltrato, insultos, exclusións nos xogos e nas actividades do traballo escolar.

Charlas da Policía Nacional, dentro do Plan Director, ao alumnado coa finalidade de axudarlle a prever problemas de seguridade que lles afectan, prestando especial atención no acoso escolar, bandas xuvenís, condutas de racismo, xenofobia e

intolerancia, discriminación por razóns de sexo ou orientación sexual e o uso das novas tecnoloxía e redes sociais.

Tamén se realizan actividades educativas propostas polo Concello de Narón. Esta actividade está destinada ao alumnado de 6º de Educación Primaria, obradoiro de convivencia escolar e prevención do acoso escolar de sesións quincenais cunha duración de 50 minutos cada unha delas.

O obxectivo destas actividades é a detección do acoso escolar nas aulas, creando, nas mesmas, un espazo de reflexión crítica e diálogo onde abordar aspectos das relacións entre as persoas, a convivencia nos diferentes contextos, as situacións de desequilibrio e a existencia de relacións baseadas na violencia coas súas diferentes manifestacións (acoso/ciberacoso).

.5.2.- Detección

A convivencia no Centro é responsabilidade de todo o profesorado. Todo problema e todo conflito debe ser resolto, a ser posible, polas persoas implicadas en primeira instancia. Se non quedase resolto interviría, por este orde:

O titor/a, o xefe/a de estudos, o director/a , Comisión de Convivencia e, en último caso, o Consello Escolar (cando se producen faltas cualificadas de moi graves no NOF contra a convivencia escolar). Calquera deles poderá sempre solicitar o asesoramento do Departamento de Orientación.

O profesorado dentro da súa labor, atenderá e solucionará os posibles problemas de convivencia que poidan xurdir na súa clase ou noutro momento en que o alumnado están ao seu cargo.

Sempre que ese problema lle pareza relevante, comunicarllo ao titor/titora e se ao xuízo do profesorado require unha intervención inmediata, entón, comunicarllo á Xefatura de Estudos ou á Dirección. Neste caso, deberá redactar o correspondente parte de incidencias.

O titor é a persoa que de forma máis directa debe levar a prevención e intervención sobre os problemas de convivencia do seu alumnado. Fomentará unha relación de confianza na aula para facilitar intercambio de información dun xeito fluído.

Sempre que lle pareza relevante e coa intención de modificar dito comportamento comunicarllo á Xefatura de Estudos. Neste caso redactará o correspondente parte de incidencias entregando unha copia á xefatura de Estudos.

Do mesmo xeito, o titor ou titora informará á coordinadora de benestar da “problemática” do seu alumnado, para que esta poida levar a cabo as accións necesarias en materia de benestar emocional.

Cando o considere oportuno solicitará a colaboración do departamento de orientación na resolución do problema.

O departamento de Orientación é o órgano de apoio técnico ó servizo da comunidade educativa polo que informará aos titores e á Xefatura de Estudos daquela información relevante sobre determinados alumnos/as de cara a unha maior atención á prevención de posibles problemas de conduta.

En colaboración cos titores levará a cabo valoracións sociométricas para contribuír ó coñecemento das relacións sociais dos grupos de clase.

Persoal non docente, deberá comunicar á Dirección, ou a outro membro do equipo directivo, os problemas de convivencia que detecte no desenvolvemento das súas funcións.

Para poder levar un rexistro das incidencias nas aulas e valorar os posibles conflitos, poñerase a disposición dos titores na Secretaría do Centro un modelo de rexistro de incidencias.

ALUMNO/A	
CURSO	
TITOR/A	
DATA	
DESCRIPCIÓN DOS FEITOS	
MEDIDAS ADOPTADAS	
RESPONSABLE DE APLICAR A SANCIÓN	
SINATURA	

.5.3.- Tratamento

Cando a incidencia ou conflito entre iguais poida ser catalogada como caso de acoso seguirase o seguinte protocolo de actuación:

1. Poñelo en coñecemento do titor/a, orientador/a ou equipo directivo , segundo o caso, para recadar máis información: Charla co grupo-clase para recadar información sobre o tipo de acoso (agresións verbais, agresións físicas, intimidación, ridiculización, extorsión, illamento do grupo...) e a frecuencia do mesmo. Entrevistas persoais co agresor/es e agredido/a.
2. Tomar as medidas que se consideren oportunas en cada caso, ou ben diferentes combinacións delas: apoio ao alumno afectado; prevención para que non se poida repetir o acoso (control de espazos e tempos); aplicación das normas de convivencia ao agresor e programas de

modificación da conduta. As persoas con atribucións no marco da convivencia -titor, orientador, xefa de estudos, directora- actuarán no marco das súas competencias, sen prexuízo das funcións da comisión de convivencia.

3. Información ás familias: terase unha entrevista cos pais de cada un dos alumnos implicados na que se lles informará dos feitos que se investigan, das medidas preventivas adoptadas e das medidas correctoras que se poderían aplicar se a situación se mantén. É importante solicitar a axuda das familias para lograr que os alumnos establezan relacións sociais axeitadas cos seus compañeiros.

A persoa encargada de cada unha destas tarefas sería:

1. **Recabar información:** o titor, quen o poñería en coñecemento do orientador, da coordinadora de benestar emocional e convivencia e do equipo directivo. Estes últimos poderían completar a información recadada en primeira instancia polo titor.
2. **Apercibimento:** profesorado involucrado, e, segundo os casos xefa de estudos ou directora.
3. **Aplicación das medidas correctoras:** xefe/a de estudos e director/a. (En último termo, o Consello Escolar se a falta é moi grave).
4. **Actuacións con control de espazos e tempos:** o titor e o profesorado do centro, tanto o que imparta clase nese nivel como o que estea a cargo da vixilancia de zonas comúns (recreo, biblioteca...)
5. **Información ás familias:** o titor/a acompañado por algún representante do equipo directivo ou polo orientador/a, de ser o caso.
6. **Implementación das medidas e seguimento.**

Os documentos para cubrir do protocolo de acoso figuran no NOF do centro.

Nos casos nos que a situación de conflito non chegue a considerarse de verdadeiro acoso por non existir intención evidente de facer dano, conduta agresiva reiterada e desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima, poderase aplicar este mesmo protocolo en canto a pasos a seguir, tendo en conta que o mesmo titor ou o xefe de estudos podería impoñer unha medida correctora da conduta. Esta medida, tal e como se contempla na Lei de Convivencia, podería consistir na realización de traballos ou tarefas específicas en horario lectivo. Dentro destas tarefas estarían incluídos tanto a realización de traballos de índole intelectual encamiñados a mellorar a convivencia (sobre educación en valores, por exemplo) como traballos enfocados a mellorar as condicións das instalacións do colexio ou a reparación de danos provocados nas mesmas. (Exemplo destas últimas actuacións serían a recollidas de papeis ou follas secas no patio exterior ou a recollida e ordenación dun aula en concreto).

.6.- CONCRECIÓN DAS MEDIDAS OU PROGRAMAS

.6.1.- Plan de acollida

A acollida do novo alumnado pretende evitar ser unha rutina administrativa, pretende ser un momento cálido e familiar tendo en conta a situación emocional do alumnado e familias que se incorporan por primeira vez ao centro, nalgúns casos deixando atrás unha vida, contexto e costumes para incorporarse a un novo país. Noutros casos, alumnos que se incorporan por primeira vez á Educación Infantil (3 anos) ou a calquera outro curso. No PAT están recollidas as medidas de acollida que se levarán a cabo en cada etapa.

Obxectivos:

- Motivar á comunidade educativa para xerar un clima educativo no que o novo alumnado se sinta ben recibido, favorecendo unha progresiva adaptación e seguimento.
- Establecer un ambiente ordenado e acolledor que favoreza a interrelación do grupo cos novos/as compañeiros/as.

- Facilitar a responsabilidade e axuda do alumnado do centro, cara aos acabados de chegar para que coñezan o medio escolar, hábitos e normas básicas.
- Asumir por parte do equipo de mestres a posta en práctica da resposta pedagóxica a este alumnado.

Medidas:

- Recibimento por algún membro do equipo directivo, xeralmente o secretario/a.
 - Explicar o proceso de matrícula e demais trámites administrativos.
 - Calendario escolar.
 - Material necesario.
 - Información sobre as axudas para libros.
 - Normas que rexen a nosa escola.
 - Información do comedor escolar.
 - Presentación do titor/a.
 - Información sobre as funcións e actividades do ANPA
 - Información do período de adaptación do alumnado de Educación Infantil de 3 anos.

A acollida está pensada tamén para o profesorado, de nova incorporación (substituto, interino, provisional ou definitivo) e demais membros da comunidade educativa.

Obxectivos:

- Coñecer tódalas instalacións do centro.
- Presentar os distintos membros da comunidade educativa.

- PE, NOF, Programación,.....
- Cumprimentar os distintos aspectos administrativos.

Medidas:

- Presentación ao novo profesor ao equipo directivo
- Cubrir documentos administrativos.
- Presentación do resto de compañeiros.
- Entrega de horario, nivel de grupo/clase.
- Explicar as características do seu grupo.
- Calendario de reunións, gardas.....

.6.2.- Plan para a Igualdade

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. As condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnos inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar.

Considerando a violencia de xénero como un grave problema social, que viola os dereitos humanos fundamentais e a constitución do símbolo máis brutal da desigualdade de xénero, é necesario buscar as estratexias cara a construción dunha cultura de xénero baseada na igualdade e no fomento de habilidades na resolución pacífica de conflitos.

Non debemos esquecer a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

Obxectivos:

- Fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Construír unha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- Concienciar á comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e ensinar os mecanismos de loita pola súa total desaparición.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Aceptar a diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

Medidas:

- Facer do patio de recreo un lugar favorable á coeducación, poñendo en marcha os patios inclusivos (formación que se levará a cabo no segundo trimestre).
- Promover os xogos populares e distintos campionatos.
- Proxección de películas alusivas ao tema: Billy Elloit, Mulán....
- Promover a presenza no colexio de modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
- Valorar a necesidade de fomentar por igual expectativas profesionais para homes e mulleres.
- Dar a coñecer a contribución feita polas mulleres no campo das matemáticas, das artes, das ciencias.....

- Cuestionar e rexeitar os estereotipos sexistas (na publicidade, na linguaxe, nas relacións interpersoais, nos xogos....)
- Xestionar nas mochilas viaxeiras lecturas sobre igualdade de xénero violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
- Sensibilizar ás familias nas actividades educativas dirixidas á igualdade e a prevención da violencia de xénero.
- Incrementar as actividades en parellas e pequenos grupos.
- Participar nos obradoiros de corresponsabilidade e coeducación propostos polo Concello de Narón e outras entidades.

.6.3.- Escola de familias

A finalidade das escolas de nais e pais é mellorar a convivencia familiar.

Esta é unha actividade do Servizo Sociocomunitario Municipal do Concello de Narón, subvencionada e con horarios flexibles para favorecer a asistencia das familias.

Obxectivos:

- Aprender a ampliar perspectivas e desmontar mitos en canto á educación: autocoñecemento e recoñecemento de emocións.
- Mellorar os sistemas de comunicación entre os membros da familia.
- Mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.
- Crear un espazo para compartir vivencias entre pais, nais e fillos/as creando situacións e espazo de comunicación co fin de aprender a entendernos adecuadamente e orixinar momentos de desfrute da familias.

Medidas:

- Reunións periódicas nas que se desenvolverán os seguintes talleres:
 - o Coaching familiar: análise e detección de problemáticas familiares e manexo das emocións.
 - o Disciplina Positiva: establecemento de Normas e Límites respectuosos e firmes.
 - o Aprendizaxe de técnicas de modificación do comportamento e resolución de conflitos.
 - o Novas Tecnoloxías: educación dixital e supervisións dos medios informáticos.
 - o Técnicas de comunicación e estratexias efectivas con infancia e xuventude.
 - o Aprender a crear lazos afectivos cos/as nosos/as filloas/as: xogo, intelixencia emocional, etc

.6.4.- Protocolo de mediación

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas. Aborda os conflitos dun modo cooperativo e favorece a aprendizaxe de habilidades e competencias sociais.

A mediación é unha estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Cabe destacar que a mediación non substitúe ao conxunto de normas do plan de convivencia, pero si é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos.

Obxectivo:

- Axudar á resolución correcta, xusta e igualitaria do conflito, de xeito que as partes implicadas no problema se sintan satisfeitas e a relación non só poda recuperarse se non incluso mellorar.
- Favorecer o autocoñecemento e o control das emocións.
- Educar na tolerancia e no respecto.
- Axudar a vivir o conflito como unha experiencia construtiva

O mediador ou mediadora caracterízase por:

- Ser imparcial ou neutral; non tomar partido por ningunha das partes.
- Non xulgar; marca as regras do xogo e emprega técnicas que acudan a que as diferentes partes en conflito verbalicen os seus problemas, sentimentos, emocións e que pacten unha solución aos seus conflitos
- Saber escoitar de xeito activo.
- Facilitar o diálogo para conseguir un acordo entre as partes.
- Confidencialidade; a non revelar a información que obteñan
- Ter dotes conciliadoras; saber tranquilizar os ánimos
- Ter empatía; poñerse no lugar do outro, comprender as necesidades e os sentimentos

Cando mediar?

- Cando a sanción disciplinaria non mellora a convivencia.
- Cando é importante restaurar a relación: amizades que se deterioraron, faltas de respecto, rumores e malentendidos, espazos de xogo
- Cando o soliciten as partes implicadas
- Cando non exista maltrato con risco ou desvantaxe para a vítima.

- Cando non houbo acto de vandalismo, furto,...

Equipo de mediación:

- A mediación por parte de adultos: os adultos asisten ao alumnado no proceso de examinar as percepcións e sentimentos que cada unha das partes ten do problema, así como a busca das posibles solucións e na adopción de acordos que satisfagan mellor as necesidades de ambas partes.

Definición do problema:

- Cada parte conta a súa historia ao mediador ou mediadora, este escoitará de xeito atento e activo ás partes
- O mediador resume a historia das partes facendo as preguntas necesarias para asegurarse ben de ter entendido cal é o conflito
- Cando as partes respondan, o mediador permanecerá nun segundo plano, mantendo un clima adecuado e facendo observacións para reconducir o diálogo intentando concretar o problema, pero fuxindo do sermón, consello e das recomendacións.

Reformulación do conflito:

- O mediador/a tratará de reformular o problema, segundo o entendeu a través das aportacións dos seus protagonistas.
- Finalmente chégase a unha formulación do problema que sexa aceptada por ambas partes.

Solucións:

- As partes propoñen posibles solucións.
- Escóllese a mellor de todas as alternativas.
- A mellor sempre é a que satisfaga a ambos "EU GANO, TI GANAS"

- As partes comprométense con esa solución asumindo cada parte a súa responsabilidade e as consecuencias do seu incumprimento
- Seguimento para ver si se cumpre o acordado e se o resultado é o que se esperaba.

.6.5.- Plan director

Plan impulsado desde a Delegación do Goberno de Galicia coa Inspección Educativa para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nas súas contornas. As charlas son impartidas por persoas expertas da Policía Nacional e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa. Este programa no noso centro irá encamiñado ao alumnado de 5º curso tratando "os perigos de internet" e para 6º curso "os riscos do consumo de alcol e outras drogas".

Obxectivos:

- Concienciar ao alumnado dos riscos asociados ás novas tecnoloxías e ao uso de redes sociais, especialmente ao acoso sexual.
- Informar dos problemas relacionados coas bandas xuvenís, condutas incívicas e vandálicas, racismo, xenofobia e violencia.
- Dar a coñecer as consecuencias do acoso escolar en aqueles que o padecen, así como da responsabilidade de todos de denuncialo e combatelo.

.6.6.- Obradoiros de convivencia escolar e prevención do acoso escolar

Obradoiros destinados ao alumnado de 6º de primaria (individual e grupal), ás familias e ao profesorado; co fin de detectar o acoso escolar nas aulas, e a través do cal intentar crear un espazo de reflexión, crítica e tamén un diálogo onde abordar aspectos das relacións entre as persoas, a convivencia nos diferentes contextos, as situacións de desequilibrio e a existencia de relacións baseadas na violencia coas súas diferentes manifestacións (acoso-ciberacoso).

Neles traballárase cos menores e as súas familias a realidade da expansión do acoso escolar na poboación menor, explicándolles a perigosa práctica e o papel das tecnoloxías como facilitadoras da aparición dunha problemática neste senso.

.7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Á hora de traballar este apartado, é necesario ter en conta o que recolle o NOF do noso centro. Así pois, este dispón:

a) Relativo aos pais:

- Coñecer a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa na que se regulan os dereitos e obrigas dos pais e nais do alumnado e observar as normas contidas nel; así como a Lei orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia.
- Manter unha relación de interacción continúa cos mestres-titores.
- Facilitarlles todo tipo de información e datos de interese dos seus fillos.
- Facilitarlle ós seus fillos os medios necesarios para levar a cabo as actividades e traballo no centro.
- Xustificar por escrito as faltas, ausencias e retrasos dos seus fillos no horario escolar.
- Colaborar no cumprimento das obrigas dos seus fillos no que atinxe ó centro: puntualidade, orde, aseo...
- Estimular ós seus fillos no respecto ás normas de convivencia do centro.

b) Relativo ao profesorado:

- Coñecer a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa na que se regulan os dereitos e obrigas do profesorado; así como a Lei

orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia.

- Dar a coñecer ao alumnado do seu grupo as normas de convivencia reguladas na Lei 4/2011 do 30 de xuño así como as medidas correctoras das condutas contrarias ás normas de convivencia que en dita lei se establecen. Informar ás familias destas medidas correctoras no momento en que sexa necesario.
- Cumprir as decisións do Claustro de Profesores, Consello Escolar e autoridades educativas.
- Manter contactos periódicos cos pais/nais dos alumnos.
- Informar aos pais/nais sobre a evolución persoal, integración e rendemento dos seus fillos.
- Asistir con puntualidade ás clases e xuntanzas ás que fora convocado.
- Vixiar aos seus alumnos
- Promover actitudes de respecto, colaboración e de actitude positiva polo traballo ben feito, tanto individual como grupal.

c) Relativo aos alumnos/as

- Puntualidade.
- Levar ás clases o material e libros.
- Entrega , avisar aos seus pais as comunicacións do centro.
- Respetar aos compañeiros/as.
- Respetar as pertenzas dos compañeiros/as.
- Evitar os xogos violentos.
- Ter un trato respectuoso con todos os membros da comunidade educativa.
- Facer un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.
- Realizar as tarefas que se lles asignen.

- Esforzarse ó máximo dentro das súas posibilidades.
- Cumprir as normas de convivencia establecidas neste Plan.

.8.- CORRECCIÓNS DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CENTRO

Cando se desenvolvan condutas contrarias ás normas establecidas no centro intervírase adoptando as medidas correctoras oportunas. As condutas son tipificadas como:

- Leves
- Graves, prexudiciais para a convivencia do centro. Conlevan á formación dun expediente do alumno

As correccións destas condutas farase conforme se determina nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF), apartado 13.1.

.9.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia será nomeada no Consello Escolar segundo o establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro. Está composta por:

- Director/a
- 1 representante do profesorado
- 1 representante das familias
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

Funcións:

- Dinamizar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión.
- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Elevar ao consello escolar as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
- Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise de convivencia e conflitividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a

materia: este informe será trasladado ao consello escolar e ao servizo territorial de inspección educativa.

- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Asesoramento/colaboración:

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar:

- Asesoramento dos profesionais do departamento de orientación.
- Colaboración do titor/a relacionado co tema que se analice.
- Colaboración dos profesionais segundo a problemática de que se trate.
- Colaboración do educador/a social do concello.

Reunións:

- **Ordinarias:** tres xuntanzas anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
- **Extraordinarias:** cantas veces sexa convocada por a súa presidencia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

.9.1.- Coordinador/a de Benestar

A LOMLOE no seu apartado sesenta e seis. Engádese o apartado 5 do artigo 124, quedando redactado nos seguintes termos: «5. As Administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade. As directoras, directores ou titulares de centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes así como da execución e o

seguimento das actuacións previstas nos mesmos. En todo caso deberán garantirse os dereitos das persoas afectadas.»

A Orden de 23 de agosto de 2023 establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

No centro foi nomeada como coordinadora de benestar emocional á especialista en Audición e Linguaxe. Actuará baixo a supervisión da dirección e as súas funcións están recollidas no artigo 3 da mencionada Orden. Entre as súas funcións cabe salientar:

- Planificar as actuacións para garantir a protección dos estudantes desde a contorna escolar.
- Previr, a través de accións de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa.
- Organizar e promocionar a formación, que se ofrecerá tanto ao persoal do centro como ao alumnado para previr, detectar e abordar os casos de violencia e acoso escolar.
- Detectar as situacións de violencia no ámbito escolar é outra das funcións do coordinador ou coordinadora de benestar e protección.
- Diseñar un protocolo de actuación, establecer unha canle de comunicación para o Plan de Convivencia
- Notificar casos de acoso escolar, dotar ao alumnado de capacidades para detectar situacións de violencia, etc.
- Intervir en situacións de violencia escolar e garantir que o centro educativo sexa unha contorna protectora

O plan de traballo está desenvolvido no ANEXO I (Plan de benestar e convivencia) e concretado na PXA.

.10.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DA CONTORNA.

OBXECTIVO	ACCIÓN	RESPONSABLE	TEMPORALIZACIÓN RECURSOS	INDICADORES DE LOGRO
Favorecer as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.	Protocolizar e sistematizar as reunións profesoras/pais-nais que favorezan o seguimento das aprendizaxes e os cambios que experimente no colexio.	Equipo directivo Tutores Comisión de convivencia	Curso 2023-2024	Protocolos por escrito e aprobados pola CCP. Repartidos entre o profesorado.
	Revisar o Plan de Convivencia	Equipo directivo Comisión de Convivencia	Curso 2023-2024	Documento revisado
	Potenciar os medios de comunicación: web	Equipo TIC	Curso 2023-2024 e seguintes	Empregar a páxina web para difundir información relevante en materia de benestar emocional
Establecer canles de comunicacións eficaces entre profesorado e alumnado.	Incrementar o clima de confianza persoal entre profesores e alumnos/as	Orientador Todo profesorado	Curso 2023-2024 e seguintes	Formación en educación emocional.
	Escoitar activamente, ser empáticos e asertivos.	Todo profesorado	Curso 2023-2024 e seguintes	Observación do alumnado como interlocutor activo.
Avanzar na idea de que a multiculturalidade e as diferenzas individuais son valores de	Fomentar o xogo popular no patio de recreo e diversos campionatos.	Profesor de E.F. Responsables da vixianza de patio	Curso 2023-2024 e seguintes	Observación directa da mestura de nenos e nenas de distintas idades e culturas.

convivencia.	Proxección de películas	Equipo de Tic Equipo directivo	Curso 2023-2024 e seguintes	Proxección de películas.
	Xestionar nas mochilas viaxeiras lecturas sobre igualdade de xénero violencia de xénero e educación afectiva e sexual.	Equipo de biblioteca	Curso 2023-2024 e seguintes	Inclusión nas mochilas viaxeiras lecturas.
	Promover a presenza no colexio de mulleres que rachen cos esterotipos sexistas	Todo profesorado Equipo directivo	Curso 2023-2024 e seguintes	Documento fotográfico na páxina web
	Facer do patio de recreo un lugar favorable á coeducación poñendo en práctica patios inclusivos	Responsables da vixianza no patio de recreo	Curso 2023-2024 e seguintes	Observación directa no patio.
	Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo.	Todo profesorado.	Curso 2023-2024 e seguintes	Grupos formados.
Poñer en práctica a técnica de mediación como medio de resolución de conflitos utilización da violencia.	Formación do profesorado na técnica de mediación en conflitos: información relevante, cursos....	Todo profesorado.	Curso 2023-2024 e seguintes	Comprobación no programa de formación de profesorado. Distribución de material escrito ou audiovisual.
	Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseas no diálogo.		Curso 2023-2024 e seguintes	Normas de convivencia da aula elaboradas.

Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptacións dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción do resto do alumnado.	Elaboración de programas de acollida.	Orientador CCP	Curso 2023-2024 e seguintes	Programa elaborado
	Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do alumnado de nova incorporación.	Secretaria Titorías	Curso 2023-2024 e seguintes	Os procedementos foron realizados
	Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida do profesorado de nova incorporación.	Xefatura de Estudos	Curso 2023-2024 e seguintes	Os procedementos foron realizados
Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.	Concienciar ao alumnado dos riscos asociados ás novas tecnoloxías e ao uso de redes sociais, especialmente ao acoso sexual. Dar a coñecer as consecuencias do acoso escolar en aqueles que o padecen, así como da responsabilidade de todos de denuncialo e combatelo.	Equipo directivo Orientación	Curso 2023-2024 e seguintes	Charlas realizadas Protocolos elaborados

.11.- DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

O plan de convivencia unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa.

Será o equipo directivo o encargado de difundir o Plan de Convivencia do Centro entre o Consello Escolar, ANPA do centro e na páxina web do centro.

Este documento irá incorporado ao PEC. Anualmente na PXA partiremos dos indicadores de logros propostos na concrecións das actuacións e a súa avaliación e propostas de mellora se recollerán na memoria anual. Estas últimas serán o punto de partida do plan para o seguinte curso escolar.

A implementación terá lugar na marcha diaria das actividades do centro. Calquera profesor/a independentemente de impartir ou non clase no grupo pode corrixir condutas contrarias ás normas de convivencia. Ocasionalmente poderán intervir outras instancias, nese caso o farán de xeito coordinado e no marco das súas competencias.

A avaliación será continua e procesual, realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliacións das aprendizaxes do alumnado. Ademais a comisión de convivencia deberá facer unha avaliación trimestral do plan e ao final de curso elaborará unha memoria anual deste que se reflectirá na Memoria Anual.

Contemplará como indicadores:

1. Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior	
2. Alcance do plan de convivencia	
3. Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia.	
4. Renovación do plan de convivencia.	
5. Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de	

convivencia.	
6. Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.	
7. Funcionamento da comisión de convivencia do centro.	
8. Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.	
9. Existencia e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función das características específicas.	
10. Existencia e coñecemento de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso.	

.12.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Informado o Claustro: 30 de xaneiro de 2024
- Aprobado polo Consello Escolar: 30 de xaneiro de 2024

A directora
M^a del Carmen Loureiro Rodríguez

A secretaria
Iria Rico Varela